

2.— “Afonso de Carvallido”: un “mercador” betanceiro do s. XV cabecilla dos irmandiños.

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ

Non hai moitos anos, ó recompoñer o pavimento do adro da eirexa de Santa María do Azogue e mais o da rúa de San Francisco, apareceron dadas a volta (nalgún caso formando parte das escaleiras do adro) as tampas de tres sepulcros antigos. O que se fixo ó atopalos foi poñelos pegados por fora á eirexa de Santa María: o dunha muller está no fronte á esquerda e o dun relixioso e mais o dun “mercador” están polo SE na zona do ábside.

En principio a hipótese que nos parecería mais probable respecto á súa procedencia sería a de pensar que estaban orixinariamente no convento gótico de San Francisco, destruído entre 1870 e 1878 para facer unha travesía dende a rúa de San Francisco á da Ribeira. Esta hipótese viría avalada polo feito de que moitos dos seus restos atopáronse noutras rúas, en paredes de casas, en escaleiras públicas, sábese que existen nalgún xardín particular, tamén os había no Pasatempo, etc. Agora ben, destes sepulcros, aínda que dous deles poideran proceder de San Francisco, tamén poderían ser da mesma eirexa de Santa María, posto que un deles, precisamente ese que ten inscrito “mercador”, parece que poidera ter este orixe en razón de que alí estuvo primitivamente a cofradía do gremio de mercadores (11). É este sepulcro o que nos vai ocupar.

Trátase dunha pedra de cantería como é corrente nos sepulcros betanceiros e en xeral nos gallegos. O que primeiro chama e atención é o mutilamento das imaxes. O bonete da cabeza está pegado con cemento, a cara desapareceu así como as cabezas dos anxos laterais intercesores. Os pes tamén faltan e con eles, sen dúbida, o can fidel sobre o que reposarían. Pero, aínda así, quedan elementos suficientes para ver que estamos diante dun sepulcro especial dentro dos existentes en Betanzos. Vexamos senón a inscrición lateral: AFONSO: D: CARVALLIDO: MERCADOR:. É, polo tanto, nada menos que a única representación que até agora temos en Betanzos dun “mercador”, é dicir, dun comerciante baixomedieval.

Viste un saio con doblas que lle cubre os xoellos, cousa corrente nos homes do s. XV que levaban espada. Non ten aberturas laterais (é polo tanto un saio cerrado), pero sería demasiado lixeiro deducir por este detalle que Afonso de Carvallido non cabalgara e moito menos que non tivera cabalo. O saio, en calquer caso, é no s. XV unha das prendas masculinas mais usadas, podendo definirse como un “traxe con falda, cinguido ó torso e axustado na cintura, que se vestía directamente sobre o xubón e que admitía encima outras vestimentas” (12).


Debaixo do saio ten, por conseguinte, o xubón, que se deixa ver no pescozo (o colar do xubón) e nas mangas, que se abotonan con seis botóns cada unha. O xubón cubre soio medio corpo e é moi axustado. Debaixo quedaría a camisa ou camisón totalmente oculta. O outro medio corpo está cuberto polas calzas que neste caso soio vemos da rodilla para abaixo. Soían ser forradas, moi axustadas como aquí vemos e debaixo delas samente quedaba o que se chamaba a braga.

Trátase en definitiva dun burgués trunfador. Un burgués que para demostrar o seu trunfo faise enterrar (ou entérrano) á maneira dos nobles, de tal xeito que a palabra “mercador” queda inscrita coa mesma naturalidade que se puxese: rexidor, cabaleiro, etc. A importancia social que un comerciante podía ter en Betanzos neste século é tamén un indicativo do sentimento antiseñorial da cidade mesma (sobre todo en relación coa nobleza terrateniente da comarca), manifestado de xeito moi claro nas guerras irmandiñas que se deron precisamente neste século.

O noso protagonista poido moi ben ser un personaxe importante do gremio de mercadores e por conseguinte da cofradía de Nosa Señora do Rosario na eirexa de Santa María do Azogue. A eirexa era lugar común para todos, pero medio tamén de deixar constancia na vida e na morte da subida na escala social. Era lóxico que o burgués (comerciante, artesán, médico, escriban, etc.) que estaba na cima do seu grupo, imitase ó grupo superior: á nobleza. Agora ben, se isto é posible facelo de maneira ostentosa a partir do propio sepulcro, quere dicir que algo está cambiando na sociedade. Porque non hai que esquezecer que ser mercador era considerado unha actividade innoble, é dicir, impropia da nobleza. Estas ideas arrincan da rixida estruturación (querida por Deus, según se pre-

(11) Manuel Antonio de Verin y González de Hevia na súa “Historia de la ...ciudad de Betanzos...” de 1812, p. 26 (manuscrito inédito do Arquivo Histórico Municipal de Betanzos) fala da existencia na cidade da Cofradía de Nosa Señora do Rosario que estaba no convento de Santo Domingo e primitivamente na eirexa de Santa María do Azogue. Pois ben, a esta cofradía estaba ligada o correspondente gremio de composto por: “Mercaderes, texedores, Herreros, Carpinteros, Latoneros y otros oficios fuera de los sastres y zapateros”.

(12) Bernis, C.: Trajes y modas en la España de los Reyes Católicos, II, Madrid 1979, p. 15.



Sepulcro de Afonso de Carvallido.

dicaba) da sociedade medieval en tres estamentos: os que rezan (clero), os que loitan (nobreza) e os que traballan (pobo). A destrucción deste esquema, e todo o que levaba consigo, aínda haberá que esperar a 1789 coa Revolución Francesa para vislumbrala. Pero a semente estaba xa xermolando nos séculos baixomedievais a través dese grupo complexo chamado burguesía ó que Afonso de Carvallido evidentemente pertencía.

Iba dar por rematado este traballíño cando topei co recente libro do profesor Angel Rodríguez González, “Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los Irmandiños”, transcripción do pleito Tabera-Fonseca do s. XVI sobre acontecementos do XV. Busquei ó noso protagonista e alí apareceu na p. 432. A partir daquí as dúbidas empezaron a deixar paso a datos máis concretos. O sepulcro que representa a Afonso de Carvallido non ten sómente o valor de ser o único dun “mercador” betanceiro antigo, senon que é tamén o único que representa un cabecilla betanceiro do levantamento irmandiño. Este achádego, particularmente importante entre outras cousas polo que ten de símbolo para a cidade, atópase na resposta que fai arredor de 1526 un tal García Mexía, escudeiro, veciño de Curtis e idade 70 anos, lembrándose de 60 máis ou menos, e dicir, referíndose á etapa 1467-1469 que é a do último e máis importante levantamento irmandiño:

«que podra aber sesenta años poco (folio 1369 v.º) mas o menos que en este Reino de Galizia se llebantarón las gentes de los pueblos y tierras del en boz y nonbre de hermandad y el dicho testigo dize que al dicho tienpo bido que en las ciudades azian sus alcaldes y cadrilleros e diputados porque en la çudad de Santiago bio ser dipurado un Joan Vinagre e en la çudad de Betanços a Afonso de Carvallido e Ruy de Toar e Gonçalo de Vilasuso que todos heran alcaldes de hermandad e Joan Branco, que hera capitan dellos e que por las tierras hazian sus alcaldes de hermandad entre tres o quatro feligresias los quales dichos alcaldes e diputados bido el testigo que rexian e mandaban las gentes que andaban en la dicha hermandad y la llamaban y nonbraban sancta hermandad y dize este dicho testigo que con las dichas gentes que ansi se juntara fuera a la fortaleza de Mexia y el testigo vido que la posieran sobre estacas y derrocaran un pedaço della e ansimismo vido que derrocaran a Guitiriz que hera de Arez Bazquez de Parga en la fortaleza do Seixo que hera de Gomez Perez das Mariñas e ansimismo oio dezir al dicho tienpo por fama publica que derrocaran otras muchas fortalezas en este Reino de Galizia de señores y caballeros del que no dexaran ninguna por derrocar salbo la del Panbre y a Castroverde y a Vilajoan y que las otras fueron derrocadas e dize este dicho testigo que al tienpo que ansi bido andar la dicha hermandad que derrocaba las dichas fortalezas el dicho testigo oia dezir publicamente a las personas que en ellas andaban que las derrocaban por mandado del Rey don Enrique que estonçes reinaba e por birtud de una probisión que dezian que del tenían para ello e porque de las dichas fortalezas los dichos caballeros y señores dellas acogian en ellas muchos ladrones y malfechores que robaban los caminos e mataban e azian otros males e este dicho testigo dize que vido que de la fortaleza de Aranga (folio 1370 v.º) que hera del conde de Monte Rey salieron uno que se llamaba Fernan Batalla y otro que se llamaba Ruy Ballon y otro que se llamaba Afonso Cao y Joan do Pereiro que heran malfechores y fueran de allí al Bal de Barzia y mataran uno que se dezía Fernan Pardo y despues el dicho Fernan Batalla matara con una ballesta a Joan Garçia Barba, señor de la casa de Figueroa e dize este dicho testigo que en la casa de Grobas que hera de Martin Sanchez das Mariñas se acogian Garçia Camiño que matara a Sancho Colmelo y Joan Rodriguez Colmelo que heran hermanos y buenos escuderos y dize que bio que en la casa de San Martiño que hes en tierra de Parga se acogia Fernan Calbacho y Nuño Camiño e Ares Camiño que heran publicos malfechores que abian muerto a Lope Donin e otros muchos ombres en tierra de Grobas y en tierra de Mexia e que en la fortaleza de Mexia bido que se acogian Lopo Nuñez de Presas e Pero Calbacho y otros (folio 1371) muchos malfechores que matara a Pedro de Presedo y otro su hermano e dize este dicho testigo que los dichos malfechores que dicho tiene algunas vezes que ellos tomaban los bois a los labradores e se los comian y el testigo algunas bezes en el dicho tienpo siendo mochacho se aiudo a comer dellos en Aranga y en Mexia y que los dichos malfechores hazian otros robos y males y oio dezir por publico que de las otras fortalezas se azian otros muchos males de otros malfechores que en ellas se acogian e dize este dicho testigo que por las dichas causas que dicho tiene las dichas personas y gentes de la dicha hermandad tomaran y derrocaran las dichas fortalezas del dicho Reino de Galizia e dize este dicho testigo que al dicho tienpo que la dicha hermandad se juntaba y derrocaba las dichas fortalezas ellos dezian que lo hazian por el bien y sosiego del Reino e por quitar los dichos robos que en el se hazian e porque hera serbiçio de Dios y de la Corona Real e por la paçificación del dicho Reino y de los pueblos del e que save que los dichos cadrilleros (folio 1371 v.º) y diputados de la dicha hermandad son muertos y que podria

aber quarenta años quel dicho Joan Binagre se morio e dize este dicho testigo que **aunque los señores perlados y caballeros del dicho Reino de Galizia se posieran en querer defender las dichas fortalezas que no xe las derrocasen que ellos no lo podieran fazer ni fuera en su mano porque todas las villas y çiudades y tierras estaban en una hermandad y los mismos vasallos heran contra ellos».**

Noutras respostas do pletio fálase de mais cabecillas da revolta en Betanzos como un tal Trepeço, Fernando Sobrado, Juan Pasqual, un pescador que non sei se será algún dos ditos, etc. E tamén de Alonso de Lanzós, un dos “caballeros ricos y abonados” que foi capitán (un deles) dos irmandiños.

Na p. 443 recóllese un feito na praza que hoxe se chama da Constitución e daquela do Castro, que dalgún xeito se iría repetindo na Historia de Betanzos cada vez que un cambio importante na vida política ou social se dou... Fala o testigo Juan de Carballido (quizais familiar do noso protagonista), veciño de Betanzos, de 85 anos e lembrándose deses anos do último levantamento irmandiño:

e dize este dicho testigo que por ser como heran los dichos robos y males y daños tantos bio que dende allí a cierto tiempo se hermandara la dicha çiudad de Betanços con la çiudad de la Coruña y las gentes de las villas de Puente d'Eume e Ferrol y tierra de las Mariñas e dize este dicho testigo que oio dezir que se abian enbiado a quejar al rey don Enrique que estonçes reinaba e quel dicho rey les diera una provision para que se juntasen las gentes y pueblos del dicho Reino (folio 1388 v.º) en hermandad y juntos allanasen el dicho Reino y castigasen los malfechores y derrocasen las fortalezas donde se fazian los dichos males e tobiesen sus alcaldes y deputados de la hermandad e dize este dicho testigo que despues bio pregonar en la dicha çiudad de Betanços podia aber çincoenta e çincos años poco mas o menos la dicha provision del dicho rey e cree que por ante Gonçalo de Çisneros que hera notario del Concejo de la dicha çiudad de Betanços la qual este dicho testigo oio que dezia quel dicho rey los mandaba juntar en la dicha hermandad y derrocar las dichas fortalezas y castigar los dichos malfechores y allanasen el dicho Reino y el testigo dize que se allo presente al pregon de la dicha provision que se dio en la dicha çiudad de Betanços en las plaça del Castro y en la Rua Trabesa e que dezian que Joan Branco vezino que fue de la dicha çiudad e notario della fuera por la dicha provision y la ganara del dicho rey don Enrique e que despues que la dicha provision fue pregonada (folio 1389) dize este testigo que vido que los de la dicha çiudad de Betanços se juntaron en la dicha hermandad e fizieron sus diputados e alcaldes de la dicha hermandad que traian bara de justiçia pintadas con saetas e tambien hazian cadrilleros e tomaran por alcaldes y principal en la dicha hermandad al dicho Joan Branco porque lo quel mandaba lo hazian e que de la misma manera los fazian e helegian en la dicha çiudad de la Coruña y por las otras tierras de su comarca los quales dichos alcaldes y cadrilleros se llamaban alcaldes y diputados por la sancta Hermandad e que al dicho tienpo que las dichas çiudades de la Coruña y Betanços y tierra de las Mariñas se llebantaron en la dicha hermandad dize este dicho testigo que oia dezir publicamente que de la misma manera se abia llebantado e fecho en hermandad todos los otros pueblos y tierras del dicho Reino de Galizia e ansi se faboresçian desde unas partes a otras enbiando gentes y peones unos a otros quando ge los pedian e ansi vido que los dichos alcaldes (folio 1389 v.º) e diputados de la dicha hermandad azian justiçia de los malfechores e gobernaban y mandaban e se posieran contra los caballeros y señores que al dicho tienpo abia que tenian fortalezas por los dichos males que dellas hazian e vido que salieran de la dicha çiudad de Betanços y derrocaran las fortalezas do Broco e do Seixo que heran de Gomez Perez das Mariñas e cierta parte de la fortaleza de Mexia que tambien al dicho tienpo hera del dicho Gomez Perez y el testigo se allo y fue en el derrocamiento della e tambien derrocaran la fortaleza de San Martiño que hera de Ares Vazquez de Parga e este testigo se allo presente quando la derrocaban e al dicho tienpo que la derrocaron allaron en ella muchas pelgas que heran de los bois y bacas que abian furtado a los labradores y llebado a la dicha fortaleza y que oio dezir por publico e notorio que los de las dichas çiudades y tierras fueran a derrocar çierta parte de Andrade e que hestonçes se dezia por publico e notorio que las dichas hermandades del dicho (folio 1390) Reino de Galizia de los pueblos y tierras del abian derrocado otras muchas fortalezas en el arçobispado de Santiago y por todo el dicho Reino de Galizia de señores perlados e caballeros del e dize este dicho testigo que quando fueran derrocar a Andrade que no la derrocaran toda salbo çierta parte della porque dezian que hera fortaleza muy antigua.

A Hermandade de Galicia, creada probablemente por Alonso de Lanzós e os representantes das cidades da Coruña, Betanzos e Ferrol, é anterior á Hermandade Xeral creada en Medina en 1465, pero todas reflexo da situación caótica do reino castelán-leonés ó longo do s. XV e particularmente no reinado de Enrique IV. Situación por demais favorecida polos anos de peste e malas colleitas que tiñan xa un precedente terrible no s. XIV. As cidades, de crecente importancia, e os campesiños non poideron soportar a presión da nobreza terrateniente e mais da eirexa. Buscaban (13): acabar cos abusos dos cabaleiros, defender os privilexios das cidades, revisar os tributos, que se devolvan as terras usurpadas e que se rematara coa costume de criar fillos de fidalgos nas casas campesiñas. A derrota militar dos irmandiños xa é sabida, pero algo cambiou dende aquela e na memoria histórica dos galegos (alimentada polos traballos dos investigadores) as guerras irmandiñas manteñen un fondo sinificado.

Por todo o dito e por mais que se podería decir, unha cousa está clara e é a importancia deste sepulcro de Afonso de Carvallido dende tódolos puntos de vista. Porque, en certo modo, el ven representar fisicamente un mundo social en boa maneira oposto ó que, tamén fisicamente, representa o sepulcro (un século anterior) de Fernán Pérez de Andrade na eirexa de San Francisco.

E preciso que este sepulcro se coloque na eirexa de Santa María sin perda de tempo e os outros dous na mesma eirexa ou no Museo das Mariñas, pero en calquer caso hai que sacalos da situación de deterioro e de indignidade na que se atopan.



Parte exterior do ábside da eirexa de Santa María do Azogue cos sepulcros pegados.

(13) Pallarés Méndez, M.C. e Portela Silva, E.: Edad Media, en *História de Galicia*. Madrid, 1980, p. 124 e ss.